

A MIÑA NAI



A miña nai chámase Tareixa.

Ten corenta e sete anos.

Vive en Santiago de Compostela.

Traballa nun colexio, é mestra.

É alta e delgada. Ten o pelo longo, liso

e de cor castaña. Os seus ollos son azuis.

Á miña nai gústalle moito o seu traballo, encántalle ensinar.

Tamén lle gusta moito facer deporte. Polas tardes vai ao ximnasio, e nas fins de semana vai xogar ao tenis.

Cando está na casa e ten tempo libre, adícase a debuxar e pintar. Cando alguén está de aniversario, a miña nai sempre lle regala o mesmo cadro pintado por ela: un cadro cunha flor.

Cada ano debuxa e pinta unha flor diferente. Este ano escolleu o caravel. Saiulle moi ben!

Tamén lle gusta facer figuriñas con arxila. Agora estamos facendo un castro entre todos. A ver se o rematamos antes de que chegue o verán para poder levalo á casa dos avós.

RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS

1) Como se chama a nai?

2) Cantos anos ten?

3) Onde vive?

4) A que se adica?

5) Onde traballa?

6) Que fai polas tardes?

7) Cando vai xogar ao tenis?

8) Que flor pinta no cadro que regala este ano?

9) Que están facendo entre todos coa arcila?
